

MEDIDAS ORGANIZATIVAS PARA A ATENCIÓN EDUCATIVA

Aprobadas na CCP do 13/12/11

Seguindo as directrices do Real Decreto 133/2007, do 5 de xullo (DOG 13 de xullo de 2007), polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria, que na súa disposición adicional segunda, punto cuarto, indica:

Os centros docentes disporán as medidas organizativas necesarias para proporcionar a debida atención educativa no caso de que non se optara por cursar ensinanzas de relixión, garantindo, en todo caso, que a elección dunha ou outra opción non supoña discriminación algunha. A devandita atención, en ningún caso comportará a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a calquera materia da etapa.

As esixencias da citada disposición adicional fannos puntualizar os seguintes aspectos:

1. Por tratarse de sesións lectivas, son de asistencia obrigatoria.
2. O tempo de dedicación ás Medidas de Atención Educativa non pode ser un tempo dedicado a reforzar ou estudar outras materias nin empregarse para labores de titoría ou orientación.
3. As actividades propostas deben ter un carácter educativo, ademais de favorecer a boa imaxe educativa do Centro.
4. Dado que a devandita atención non corresponde a ningún departamento especificamente, senón que pode ser asignada ao profesorado con dispoñibilidade horaria, faise preciso que a súa organización sexa práctica e aberta para que se adapte facilmente ás características do alumnado e do profesorado responsable, e debe contarse cun número de recursos e unha programación para facilitar a súa tarefa.
5. Corresponde ao Centro, no ámbito da súa autonomía pedagóxica, organizar a devandita atención educativa de acordo ás liñas educativas sinaladas no PEC para que nais, pais, tutores e alumnado as coñezan.
6. Debe ter algún criterio de control: polo que en cada sesión de avaliación, o profesorado emitirá unha cualificación de cada alumno/a, que aparecerá no boletín trimestral. O carácter destas cualificacións será meramente informativo para as familias e non se considerarán para a promoción ou titulación.

A principios de cada curso o profesorado encargado de Atención Educativa seleccionará os temas que se tratarán nas distintas sesións, de acordo as seguintes propostas:

1. Talleres de teatro, literarios, de escritura, publicidade, imaxe, televisión.
2. Visionado de curtas e documentais adaptados ao nivel educativo que corresponda.
3. Elaboración de guións para realizar unha curta en torno a unha temática interesante.
4. Cine fórum.
5. Ciencia y cine.
6. Ciencia-ficción.
7. Club de lectura (non de obras de lectura obrigatoria).
8. Lectura e tratamento de prensa.
9. Hora de Ler.

10. Lectura de relatos curtos en voz alta e ilustración.
11. Dramatización de textos.
12. Prensa y ciencia.
13. Preparación de actividades para dar visibilidade a certas datas no Instituto: Nadal, Letras Galegas, Día do libro...
14. Poderanse incorporar xogos lúdicos-educativos seleccionados polo profesor adaptados a cada nivel (Xadrez, Sudokus, Tangrams, . . .)
15. Xogos de inxenio científico-matemático.
16. Debates sobre temas de actualidade.
17. Análise das actitudes ante os elementos identitarios:
 - Moda.
 - Estilos.
 - Tribos urbanas.
 - Credos.
 - Sectas.
 - Partidos/movements políticos.
 - Asociacións.
18. Desenvolvemento de dinámicas intragrúpas guiadas/improvisadas:
 - Monólogos.
 - Situacións grupais competitivas.
 - Dinámicas cooperativas.
19. Análise sobre contratos:
 - As características do contratable e a diversidade dos tipos de contrato: compravenda, bancario, seguro, laboral, matrimonio...
 - Os dereitos e deberes dos contratantes.
 - As consecuencias do incumprimento/ruptura dun contrato.
20. Simulación e debate sobre os conflitos e a súa resolución:
 - Diversidade e características singulares dos conflitos (interpersoal, escolar, familiar, laboral, financeiro, político... accidentes ...)
 - Elementos claves e dinámica estándar dun conflito.
 - Valoración da oportunidade das vías para a resolución dun conflito (conciliatoria/xudicial).
 - Simulación/resolución de conflitos diversos.
21. Análise do futuro laboral:
 - Diversidade e incerteza das opcións.
 - curriculum.
 - As entrevistas de traballo.
22. Cursos monográficos sobre temas non curriculares , tipo algo de historia ou arte da zona xeográfica dos alumnos , determinados descubrimentos científicos ou tecnolóxicos , evolución nas edificacións....Para estas actividades podería tamén usarse a biblioteca para buscar información , aula de informática , prensa... Podería incluírse coma ferramenta ver videos ,(por exemplo tipo Discovery).
23. Coro.
24. Grupo instrumental.
25. Técnicas de estudio.
26. Actividades prácticas no curriculares:
 - Química e cosmética.
 - Química dos alimentos.
 - CSI.

Unha vez seleccionados os temas (sempre tendo en conta de que no sexan curriculares dentro da correspondente etapa) , incluíranse na PXA, constituíndo a programación para ese curso académico.

Para o desenvolvemento destas sesións crearase un fondo de documentais e materiais, distintos dos empregados nas titorías, que se actualizará ao comezo de cada curso académico coas achegas do profesorado encargado, en coordinación ca Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación (este último sempre que sexan materiais que lle competan).